



EXCMO. CONCELLO
DA
ESTRADA
(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTES CONCELLO O 31 DE XANEIRO DE 2013

LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

TIPO DE SESIÓN: EXTRAORDINARIA

CONVOCATORIA: PRIMEIRA

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO P.P.

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS
Alcalde-Presidente
D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO
Concelleiro
DNA. AMALIA GOLDAR CORA
Concelleira
D. MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA
Concelleiro
D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA
Concelleira
D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN
Concelleiro
D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR
Concelleiro
DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA
Concelleira
D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS
Concelleiro
DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE
Concelleira
D. OSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS
Concelleiro

GRUPO PSdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ
Concelleiro
DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES
Concelleira
D. MANUEL OTERO ESPÍÑO
Concelleiro
D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO
Concelleiro
DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE
Concelleira
D. MANUEL PARADELA ABELLEIRA
Concelleiro
DNA. ANA ASOREY BREA
Concelleira
D. JOSÉ LUIS PICAÑO RIVEIRA

Concelleiro
D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ
Concelleiro

GRUPO do BNG:
XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS
Concelleiro

SECRETARIO
D. JOSÉ NAVEIRA GONZÁLEZ

INTERVENTORA
DNA. CELSA PEREZ GIL

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día trinta e un de xaneiro de dous mil trece, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José C. López Campos, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto o Secretario.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTORIA

1º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS RELATIVO Á APROBACIÓN DO LÍMITE MÁXIMO DE GASTO NON FINANCEIRO PARA O EXERCICIO 2013

2º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS RELATIVO Á APROBACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL 2013

A) PARTE RESOLUTORIA

1º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS RELATIVO Á APROBACIÓN DO LÍMITE MÁXIMO DE GASTO NON FINANCEIRO PARA O EXERCICIO 2013

Sr. Alcalde: *Boa noite a todos e a todas. Celebramos hoxe a sesión extraordinaria cos dous únicos asuntos na orde do día vinculados ós Orzamentos municipais para o ano 2013. Seguindo a orde do día, na parte resolutoria, o primeiro punto é aprobación, se procede, do ditame da Comisión de Facenda e Especial de Contas relativo á aprobación do límite máximo de gasto non financeiro para o exercicio 2013. Ten a palabra o Concelleiro de Facenda, Don Alberto Blanco.*

Sr. Blanco Carracedo, do PP: *Boas noites. Como novidade este ano temos unha nova normativa que ven establecida pola Lei Orgánica 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, en*

concreto nos seus artigos 12 e 30, onde se establece que as Administracións teñen que marcar un límite de gasto non financeiro máximo, que se obtén a través da regra de gasto do artigo 12. Polo cal, de forma previa á aprobación dos Orzamentos, é preciso establecer e aprobar o que sería este límite máximo que para o Concello da Estrada no exercicio 2013 márcase en 11.916.602,94. A esta cifra, como acabo de dicir, se chega por medio da regra do gasto que aparece no que foi o ditame presentado na Comisión (de forma, penso que bastante clara) elaborado pola Intervención deste Concello.

Sr. Alcalde: Moi ben, moitas grazas. Algunha intervención en relación a este primeiro asunto? Ten a palabra Sr. Magariños.

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: Unicamente que se me aclare unha cuestión, que repasando os papeis me din de conta aquí dunha cuestión. O incremento da taxa impositiva do IBI para este ano, 1,06 me parece que é, que según creo recordar, o goberno dicía que era temporal, que non se mantería no tempo e considerase como un incremento de recadación fixo, e non se debería minorizar no teito de gasto? Son uns 386.000 euros. Unha aclaración, simplemente.

Sr. Alcalde: Ten a palabra o Sr. Blanco para intentar responder isto.

Sr. Blanco Carracedo, do PP: Bueno, que me corrixa a Sra. Interventora que se atopa presente, pero eu entendo que ten que ser así. Como non é un ingreso de carácter permanente no tempo que non se contabiliza. Penso que non está considerado dentro do cálculo.

Sr. Alcalde: En todo caso, Sr. Magariños, non sei se a Sra. Interventora ten algunha consideración que facer ó respecto, pero o que si está claro é que nós asumimos este dato como un dato meramente técnico. O que se fixo durante este tempo, eu creo que dunha forma prudente, foi esperar a ter aclarado como era a aplicación dos distintos preceptos que establecía o Decreto-Lei do Goberno que non se sabía. É certo, e o falamos varias veces, que non se sabía moi ben como había que definilo en canto á implicación que tiña a nivel presupostario. Houbo unhas directrices por parte do propio Ministerio e por parte da Xunta de Galicia e da Consellería de Facenda, aclarando en certa medida, varias reunións que tiveron os Interventores Municipais e os Directores Xerais de Facenda, da Xunta, e creo que aclararon bastante de que maneira había que contabilizar os ingresos para poder fixar ese teito de gasto máximo. Foise perfilando. Eu creo que ó principio, no mes de decembro había pouca información, e había bastantes dúbidas, no mes de xaneiro quedou a cousa máis clarificada e a propia intervención municipal, unha vez que o tivo máis ou menos claro, foi a que fixo os cálculos para chegar a esa cifra que, en todo caso, como dicíamos antes, é unha cifra técnica baseada en criterios dos propios técnicos e intentando seguir un pouco as directrices que marcaba ese Real Decreto-Lei. En todo caso, non sei se a Interventora quere facer algunha consideración, pero en principio eses foron os criterios que se marcaron; e nós, unha vez chegado a esa cifra, o que temos que facer despois é encaixar os datos presupuestarios. Bueno, pois se non hai ningunha intervención máis procedemos por tanto á votación deste primeiro asunto da orde do día, que é aprobación do ditame da Comisión de Facenda e Especial de Contas relativo á aprobación do límite máximo de gasto non financeiro para o exercicio 2013. Apróbase por maioría absoluta.

Finalmente, apróbase con vinte votos a favor (PP e PsdG-PSOE) e unha abstención (BNG) o seguinte Acordo:

Visto o informe-proposta da Intervención municipal de data 11 de xaneiro de 2013 onde se determina a cifra máxima do gasto non financeiro que obrigatoriamente debe fixar o Pleno con carácter previo á aprobación do Orzamento para o 2013 en virtude do disposto na Lei Orgánica 2/2012,

Vista a proposta en tal sentido formulada pola Alcaldía con base no antedito informe,

Visto o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas de 17 de xaneiro de 2013.

ACORDAMOS

Apróbase como límite máximo de gasto non financeiro para o exercicio do ano 2013 a contía de 11.916.602,94 euros, segundo o establecido no artigo 30 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, e seguindo os criterios indicados no informe-proposta de Intervención.

2º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS RELATIVO Á APROBACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL 2013

Sr. Alcalde: O punto número dous é a aprobación, se procede, do ditame da Comisión de Facenda e Especial de Contas relativo á aprobación do orzamento municipal 2013. Ten a palabra o Concelleiro de Facenda, o Sr. Alberto Blanco.

Sr. Blanco Carracedo, do PP: Con motivo desta novidade que acabamos de comentar do punto anterior, que sería o límite de gasto que ten que suxeitar os Orzamentos do 2013, obtemos unha cifra final para estes presupostos de 12.445.750 euros. Este orzamento ben encadenado dentro do que son as liñas que ven establecendo este goberno que pretendemos levar no conxunto da lexislatura. Non ter un orzamento aislado, se non levar toda unha serie de principios que rexa a elaboración e, sobre todo o que sería máis importante despois, a aplicación dos presupostos. Serían basicamente: O mantemento e mellora dos servizos básicos de todo tipo, tanto no rural como no casco urbano. Garantizar e ampliar os servizos sociais, como vimos facendo, e desta forma poder mellorar o que sería a calidade de vida no ámbito familiar. Axudar na promoción económica. Racionalizar e optimizar todo o gasto corrente. Todo isto baixo a estabilidade e o equilibrio orzamentario, sempre cunha suficiencia dos créditos para poder dar cumprimento ás obrigas contraídas e sempre facelas dunha forma áxil este cumprimento. Para elo o que se está facendo, e se ten que reflexar nos Orzamentos, é unha optimización da xestión tributaria e a recadación dos impostos acudindo ás medidas que a Lei pon nas nosas mans. E por último, o que se trata nestes Orzamentos (como xa tratamos nos anteriores e penso que estamos conseguindo) é axustar á realidade as diferentes partidas orzamentarias, facendo que o pago sexa no mesmo exercicio no que se xerou, diminuindo no posible os recoñecementos extraxudiciais e, sobre todo, aflorando determinados gastos, digamos ocultos, que viñan tendo unha permanencia no tempo e que non estaban debidamente reflexados, caso, entre outros, porque é o máis chamativo nestes Orzamentos, da enerxía eléctrica. A cifra é en torno ós 400.000 euros máis ou menos menor ca do ano pasado. Isto é

debido a unha serie de variables que compoñen tanto o presuposto en si como os distintos capítulos. Os principais motivos, grosso modo (entrariamos logo un pouquiño máis polo miúdo), serían: a falta da transferencia que non existe este ano relacionado co proxecto do Novo Mercado, de fondos FEDER, de aproximadamente 900.000 euros; un incremento de aproximadamente de 359.000 euros nas participacións do Estado; e un incremento de 386.000 euros como consecuencia da aplicación do incremento do IBI por normativa estatal. Entrando xa un pouco nos Orzamentos, no capítulo de ingresos temos como máis chamativo precisamente isto que acabamos de dicir, os 386.000 do IBI que supoñen un incremento destes ingresos bastante importante, que pensamos que terán o seu reflexo en melloras ós estradenses. No imposto de construcións de obras, o ICIO, se reflexa unha diminución de 150.000 euros como consecuencia do que vimos falando sempre, de axuste á realidade. O ano pasado tivemos o ingreso extraordinario como foi o da Academia por liquidación deste imposto, e que este ano, como non se ten, axustamos as previsións que nos comunican desde os departamentos. En canto ás taxas, hai unha diminución de aproximadamente 160.000 euros, como consecuencia disto mesmo, desas previsións que queremos facer o máis realistas posibles, sobre todo relacionadas coas sancións de tráfico, que se cumpriron as expectativas no ano 2012 e que este ano esperamos que sexan moito menores como concienciación, esa mellora que está habendo no respecto das normas por parte dos condutores no casco urbano sobre todo. Así mesmo, hai unha diminución moi importante nos prezos públicos de axuda no fogar; creo recordar que en torno a 50.000 euros, o cal redunda nun menor esforzo por parte dos usuarios deste servizo. En canto ás transferencias correntes de administracións, falabamos antes, o incremento do PIE en 359.000 euros, que é o compoñente máis importante do incremento das transferencias correntes, sinalando tamén o incremento de 108.000 euros por parte da Consellería de Traballo e Benestar. En canto ás transferencias de capital, o sinalado antes: a caída das transferencias en relación co Proxecto Novo Mercado, do FEDER, e o incremento e aparición dunha transferencia de capital da Consellería de Economía, tamén en relación co Novo Mercado por importe de 150.000 euros. Pasando xa ó capítulo de gastos, temos en persoal unha repetición do que sería o importe por este concepto, unha lixeira baixada do 0,48%. Aquí tamén se dan subas e baixas e algúns postos de traballo que caen e hai algúns outros que aparecen novos, en concreto, considerase a praza dun técnico interino en Administración Xeral motivado polo cuello de botella que atopamos no servizo de Urbanismo onde hai un numero elevado do que sería a parte chamada técnica e moi pequena na parte xurídica, motivo polo cal se produce ese cuello de botella que tratamos de evitar. Así mesmo, tamén se contempla a contratación dun condutor para o servizo de obras, co obxecto de poder optimizar o rendemento horario da maquinaria, que moitas veces está parada e infrautilizada. En canto sería o capítulo dous, aquí prodúcese un incremento moi importante de aproximadamente 600.000 euros que, como dicíamos antes, ven motivado por axustar o que sería unha serie de gastos á súa realidade, en concreto sería a tarifa eléctrica, onde se dota con 800.000 euros, 500.000 máis que o ano pasado (aproximadamente, en números redondos) para poder dotar adecuadamente o gasto real sen ter que andar logo facendo recoñecementos extraxudiciais, movementos de transferencias de capital. Entón, consideramos que hai que ir axustando esta tarifa eléctrica que, por outra parte, sofre variacións: unha á baixa como consecuencia da política de apagado de alumeado público; e incrementos, tanto polo incremento da tarifa, como da parte correspondente do IVE nestas facturas, o cal ten unha repercusión moi importante. Así mesmo, contéplase o incremento do IVE en todos

os gastos que supón unha porcentaxe na cifra total a ter en conta. Así mesmo, os gastos correntes que subían en 72.000 euros ven motivado en gran parte tamén polo esforzo que se fai en servizos sociais, que se incrementan en 200.000 euros, incremento que ven motivado por dar unha maior calidade de servizo, novos servizos e aumento de usuarios dos citados servizos. Así, podemos destacar que dependencia e o servizo de axuda no fogar se dota con 80.000 euros máis, pasando de 490.000 a 570.000 euros. Así mesmo, a partida de emerxencias sociais para a prestación de alimentos, emerxencias puntuais, xente que está esperando cualificación por RISGAS, que sempre están en situación complicada mentres non obteñen a súa cualificación, e a posibilidade de obter as axudas, se pasa de 4.000 a 15.000 euros, penso que é porcentualmente un incremento importante e que ven a supoñer unha cantidade moi similar ó que se fai co apoio ás persoas con minusvalía, neste caso motivado polo desprazamento fóra do noso Concello da Asociación Cogami, co cal queda dalgunha forma desamparado o servizo das persoas con minusvalías e que tratamos de suplir por medio desta aportación, pasando de 4.000 a 15.000 euros. Así mesmo, se aumentan as colaboracións con entidades sen ánimo de lucro, con novas actuacións, como é 1.200 euros para unha Asociación de nais, pais con diversidade funcional, APADIF, APACAF, tamén é unha dotación nova que non existía ata agora. Actuacións e convenios con Cruz Roxa en relación coa problemática do alcoholismo, en 3.300 euros; Cruz Vermella, unha serie de actuacións máis. Se incrementa tamén dunha forma moi importante en 50.000 euros o que é a partida destinada para maiores, pasando de 120 a 170, porcentualmente moi importante este incremento. Así mesmo, o Concello faise cargo do Servizo de Teleasistencia, asumindo con fondos propios por un importe de 7.000 euros. Así mesmo, na parte de educación, tamén se dotan, algunhas son partidas novas, as axudas que se dan ás ANPAS, en relación sobre todo co Plan Madruga e coa axuda ós comedores escolares. Este ano púxose en funcionamento o do Colexio do Foxo. Estas axudas ás ANPAS van en función destas necesidades concretas, tratándose de forma igual o que son situacións iguais e diferente ás que así o son.

En canto á política de facer constar debidamente as partidas que aparecen, quero poñer un exemplo, aparte do sinalado anteriormente da enerxía eléctrica: sería o relacionado nomeadamente coa festa do Salmón. Festa do Salmón que ata agora mesmo viña dotada con 15.000 euros e que se incrementa a 30.000 euros, que se espera que se complete cunha subvención da Deputación. Desta forma o que se pretende é recoller realmente cal é a situación do gasto por este concepto, e non ter que andar sempre con movementos continuos para algo que debía estar recollido de forma palpable e real. Nos gastos correntes tamén inflúen, neste caso á baixa, o recoñecemento extraxudicial de crédito, que o ano pasado era de 581.000 euros e este ano diminúe en torno a 200.000 euros. Así mesmo, forma parte dos gastos correntes cun porcentaxe importante, o que serían os 100.000 euros correspondentes ó obradoiro de emprego, dentro da política de axuda á xente que se encontra en situacións sempre mais complicadas, aportando formación a esas persoas. Así mesmo, a axuda a emprendedores se duplica; este é un concepto que se xerou novo o ano pasado e que este ano acada os 30.000 euros. Así mesmo, no resto das partidas que o ano pasado se habían subido, por exemplo en colaboración de 300 a 330.000 euros, mantense ese esforzo. En canto ós investimentos, sinalar de novo a influencia, neste caso que ten á baixa, a falta dos fondos do FEDER que viñan en relación co proxecto do Novo Mercado, que se ve compensado por outro lado por 390.000 euros en actuacións, pero neste caso proveñen de fondos propios do Concello e dunha axuda da Consellería de Economía por importe de 150.000 euros. Esta cantidade que ven á baixa vese compensada tamén

por outro lado con outros esforzos. Así, podemos ver que recursos propios incrementase en 60.000 euros alcanzando os 900.000 euros, practicamente catro veces os fondos propios de fai dous anos. Así mesmo, esta cifra tamén se ve diminuída, a de investimentos, pola diminución do préstamo contemplado, que alcanza os 550.000 euros, fronte ós 760 do ano pasado. Parte deste préstamo vai destinado (irá destinado cando se faga efectivo) para actuacións relacionadas co Plan Xeral de Ordenación Municipal, neste caso en 325.000 euros que completaría os 650 poñéndonos xusto no millón de euros de dotación para poder desenrolar o Plan Xeral no momento en que (esperemos que sexa pronto) obteña a aprobación definitiva. Seguimos apostando en investimento na pavimentación do rural, recollendo unha cantidade de 120.000. E unha cantidade de 150.000 euros nun programa relacionado coa sinalización no rural, sinalización das parroquias que é unha idea moi ben acollida polos veciños do rural. Así mesmo, en menor importe téñense en conta actuacións, 19.000 euros, relacionados coa biblioteca, cumprindo desta forma coa suxerencia feita no seu momento polo BNG e que creo que é absolutamente necesaria. Desta forma, moi visto por arriba, serían os Orzamentos para o exercicio do 2013 que, como se pode ver, teñen un carácter absolutamente social, facendo un gran esforzo neste campo, e sen olvidar, se non mellorando aínda, o resto dos servizos que debe dar este Concello, que consideramos que máis ou menos o vamos acadando dunha forma moi racional, e optimizando os recursos que temos á nosa disposición.

Sr. Alcalde: Moi ben, moitas grazas Sr. Blanco, algunha intervención. Ten a palabra, Sra. Louzao.

Sra. Louzao Vieites, do PSdeG-PSOE: Boas noites a todos e a todas. Dende logo acabamos de escoitar unha interpretación moi optimista dos Orzamentos 2013 do Concello da Estrada. Unha interpretación que coincide coas interpretacións grandilocuentes e os grandes titulares ós que nos teñen vostedes acostumados no que vai de lexislatura, na que vostedes fachendea unha e outra vez da excelente xestión do Partido Popular nesta lexislatura. O que pasa é que realmente se vostedes paran a analizar os Orzamentos, se vostedes se quitan ese halo de fachenda e o paran a analizar, verán como non cumpren vostedes con estes Orzamentos as expectativas e as necesidades que teñen os cidadáns da Estrada hoxe en día. Os Orzamentos, e o sabemos todos, son unha folla de ruta, un compromiso do goberno na que se explicita cal é a estratexia que se vai a seguir por parte do goberno municipal durante un ano. E o único que queda claro nos Orzamentos 2013 que vostedes nos presentan é que a súa estratexia é unicamente aumentar o gasto corrente. Cousa que resulta realmente curiosa porque o Sr. López Campos, hoxe Alcalde, criticaba de xeito encendido, cando estaba na oposición, os gastos correntes dos anteriores gobernos. Sen embargo, este ano, este 2013, o gasto corrente no presuposto é o 81,24% do total do orzamento do concello. Un gasto corrente que nos case dous anos que o Sr. López leva de Alcalde se incrementou un millón de euros con respecto ó que el criticaba. Polo tanto, debemos dicir que, vendo estas cifras, Sr. Blanco, vostede daba outra interpretación do que se amosa no orzamento do 2013. E que vostedes están a facer posiblemente unha xestión bastante precaria, vostedes están incrementando partidas de gasto corrente, partidas de gasto non produtivas e recortando por tanto o capacidade dinamizadora do Concello. Porque dicimos isto? Porque cun gasto corrente de 10.110.000 euros é moi difícil, desde logo, xestionar un concello. E dende o noso grupo sabémolo perfectamente, tivemos labores de goberno non fai tanto tempo, e sabemos que un concello con máis de 20.000 habitantes non permite facer grandes ledicias cuns Orzamentos, pero desde logo tamén

sabemos que hai que ser coherentes co que se di e non predicar unha cousa e despois facer outra. Como lle dicía, sabemos que é difícil xestionar o gasto corrente do Concello, pero desde logo aumentalo ata os dez millóns de euros non é a solución. Desde logo consideramos que podemos falar de cifras e podemos poñelas enriba da mesa, e vostede daba outras que lle conviñan máis, pero sen embargo, a estratexia que pon o Partido Popular con estes Orzamentos enriba da mesa demostra que é unha estratexia que nace viciada. Non se contemplan accións que dean solucións ós problemas dos nosos veciños, á problemática actual dos veciños e das veciñas, das empresas, dos comercios; estar na situación de paro, máis de 2.300 veciños están na situación de desemprego; os nosos comercios pechan cada día, é un nicho importante de emprego. E o único que se fai desde o goberno municipal cun orzamento de máis de doce millóns de euros, é subir o gasto corrente a niveis nunca recordados neste Concello. Polo tanto, nós apostamos por complementar unha política destinada a dinamizar os sectores económicos e produtivos, unha política que aposte, como dicíamos, por devolver á sociedade o que a sociedade nos da. O Concello recada máis impostos a través do IBI que nunca, un millón e medio máis nestes dous últimos anos, e pola contra, que lles devolvemos ós veciños? Onde están esas políticas que revertan na capacidade produtiva da Estrada, na situación socioeconómica da Estrada?. E é máis curioso todavía, imos máis alá: Fai dous días tivo lugar una Mesa do Comercio, unha Mesa de Comercio que é o foro no que se reúnen consumidores, se reúnen comerciantes, se reúnen empresarios, se reúnen os grupos políticos. Unha Mesa de Comercio que o Grupo Socialista tiña pedida desde o mes de setembro, porque a situación era crítica, xa estabamos en crisis, pero non melloramos, imos a peor, e se convoca tarde, mal e a rastro porque o único que se fai aí nesa Mesa do Comercio é dicir que vai a facer un Plan de Dinamización, pero que aínda se vai a contratar e curiosamente cando xa se ditaminaron os Orzamentos e non hai unha soa partida de respaldo a este Plan. Nós propoñiamos a xuntanza desta Mesa para levar adiante propostas, entre todos, non de xeito unilateral, non as que digan os socialistas, non as que diga o goberno, non as que diga ninguén de xeito unilateral, se non en común, en conxunto, buscando consenso. Ese é o xeito de afrontar a situación de crisis. Porque o Concello debe poñer elementos dinamizadores, o Concello debe facer un esforzo para facilitar que aqueles que lle devolven á sociedade a través do emprego e a través de melloras económicas das familias, teñan lugar a facer esta dinamización e esta creación de emprego. E non podemos esquecer, como dicíamos, no momento económico de crisis actual, a subida de impostos da que falaba fai un momentinho. A Estrada recada, neste 2013, 1,5 millóns máis con respecto ó IBI e ás taxas por servizos públicos que fai dous anos, cando o Sr. Alcalde era oposición. E sen embargo, como dicíamos, iso non se reverte na sociedade. Pola contra, izan vostedes na prensa a bandeira do aforro e da austeridade, venden grandes titulares pero sen embargo, fan o contrario de todo aquilo que din que fan. O gasto corrente para a compra de bens e servizos sitúano vostedes en 5.083.000 euros, é dicir, 667.000 euros máis que no 2012 e 998.000 euros máis que no 2011. Estamos a falar tamén de que os gastos do capítulo de persoal e do capítulo de gasto corrente son o 75% do orzamento. Polo tanto, con esa altura de miras onde están as políticas que reverten nos veciños? Onde está a inversión que vai a favorecer ós veciños? E vostede, Sr. Blanco, nos daba aquí unha interpretación das inversións e dicía vostede que con respecto ó ano pasado, efectivamente, é unha baixada substancial, pola partida que había conseguido o anterior alcalde para o Novo Mercado; e estamos de acordo e non vamos a comparar con ese ano, se non vámonos un ano

máis atrás. O orzamento do 2011, que non incluía a subida do IBI e non tiña por tanto o millón e medio de euros que recadan vostedes. E, sen embargo, no 2011, cun orzamento menor adicábase un 14,89% a inversións, mentres que no 2013, cun orzamento maior, se adica soamente o 12,83%. E aquí non podemos dicir que é o FEDER o que nos afecta. Estamos falando de que practicamente eses dous anos se pedía un crédito polo mesmo importe, por 550.000 euros, compróbeo vostede Sr. Blanco, compróbeo vostede. Ademais, falan vostedes, como dicíamos, de aforrar, de recortar en gasto superfluo; todos estamos de acordo; podemos aforrar onde hai gasto superfluo, as familias tamén o fan nas súas casas, sabemos que hai gastos de primeira necesidade e gastos nos que se pode recortar. Sen embargo, abrimos os Orzamentos de 2013 e vemos como se incrementan as partidas de prensa, as partidas de libros, as partidas de protocolo, de publicidade, de propaganda, de gastos diversos non identificados; ¿onde están, polo tanto, aquelas baixadas que o Sr. López Campos pedía, incluso pedindo o 50%, que se rebaixara o 50% destas partidas? E resulta que, como dicíamos, gasto corrente un millón de euros máis. Na partida de reparacións e mantementos soben vostedes un 18%, nós entendemos que hai que levar un adecuado mantemento. Xa só lle pedimos que conteña o gasto, non facemos a irresponsabilidade que facía noutros momentos a oposición pedindo baixadas substanciais nesta partida. Pedimos que o manteñan, non incrementen ese 18%. Material e suministros, incrementano vostedes 579.000 euros, 579.000 euros en materiais e suministroo, simplemente un 5% desa partida, unha baixada do 5%, serían 229.000 euros, a metade do que vostedes o incrementan. Despois falamos de subidas en departamentos como cultura, como festexos, como turismo, e sabemos que é importante fomentar estas actividades, pero desde logo, como dicíamos, hai que saber priorizar nos momentos de crisis, e as familias o que necesitan agora son outro tipo de respostas. Polo tanto, conteñamos, pedimos tamén contención de gasto nesas partidas. E desde logo, políticas de persoal. Políticas de persoal que neste Concello, desde que vostedes gobernan son moi curiosas. Estamos falando de que o Concello da Estrada conta con técnicos xurídicos, con asesores legais titulares de prazas, que coñecen perfectamente como está e como é a Lei, e que saben perfectamente como está a súa aplicación neste Concello. E sen embargo, vostedes contemplan alegremente, supoñemos que pola situación de tensión que o Sr. Alcalde creou cos asesores xurídicos deste Concello, a contratación por un ano dun asesor xurídico, 35.572 euros. Pero é máis, van máis alá, contemplan dar un complemento a un administrativo para que asesore en temas de urbanismo, de disciplina urbanística, un complemento de 7.600 euros, insistimos, a unha administrativa deste Concello. Sen embargo, contemplan vostedes nos seus Orzamentos, uns ingresos por sancións urbanísticas, en tema de disciplina urbanística, de 6 euros. Onde está o beneficio da contratación desta técnica? Bueno, perdón, deste complemento desta administrativa. Tamén lle pedimos que reconsidere isto. Igual que lle pedimos porque así o din vostedes: nos seus Orzamentos recollen que, a pesar de que sexa posible a aprobación do Plan Xeral que sexa posible que se execute tal e como vostedes o deseñaron, a pesar diso, vostedes contemplan que non vai haber un incremento de licenzas, que non se prevé un incremento de obra maior. Sen embargo, contemplan vostedes a prórroga do contrato a un arquitecto e a un arquitecto técnico do Departamento de Urbanismo por acumulación de tarefas. Se hai menos inversión, se hai menos proxectos, se hai menos licenzas, onde está a acumulación? Pedimos que non leven adiante esta prórroga a estes contratos, 52.000 euros, que o Concello pode aforrar. Consideramos tamén que vostedes si cumpriran este ano o que o Sr. Alcalde dixo que ía facer o ano pasado e ó final non fixo, que era non cubrir a

praza de tradutor de galego ata que esta persoa en excedencia se incorporase. Pois agardamos que eses trinta e pico mil euros, o Concello este ano non os desembolse posto que, como o Alcalde, dicía é necesario ter unha contención de gasto. E vamos máis alá, estamos en crisis e estamos de acordo con vostedes, é moi importante manter os servizos sociais, sabemos que incluso a Xunta e a Deputación están baixando partidas, o Concello está tendo que asumir gastos impropios para levar adiante estes servizos, e sabemos que é necesario polo tanto, como dicíamos, atender os servizos sociais. Por iso dicimos, e nos parece lóxico e de recibo, vendo como está o urbanismo, e vendo como está a situación de crisis, que amorticemos unha das prazas de dedicación que teñen vostedes, unha das prazas de concelleiros liberados. Aceptamos isto, que hai que atender os servizos sociais de xeito particular, pero podemos destinar 20.000 euros que vai a unha destas prazas directamente a servizos sociais, e aí terán o noso apoio facendo estes recortes. Porque, como dicíamos, con estas modificacións en distintas partidas falamos de que podemos tranquilamente atopar 500.000 euros que, desde logo, sendo serios e rigorosos, e atendendo á situación de crisis que estamos nestes momentos deberíamos destinar a políticas destinadas á promoción de emprego, á dinamización da economía local e polo tanto consensuar cos sectores a través do comercio, a través das empresas, a través dos consumidores, consensuar un Plan de Dinamización da economía da Estrada. Por todo isto que comentamos, por todo isto e máis partidas que se viron en detalle nas Comisións, chegamos á conclusión de que este orzamento resulta totalmente incoherente, incoherente co que vostedes din que van a facer e despois fan; e esta incoherencia, desde logo, a cidadanía non a merece, porque a cidadanía está facendo un esforzo moi importante; dos seus petos teñen que saír máis cartos ó final para pagar os impostos, para pagar concretamente o IBI. Sen embargo, non lle estamos sendo responsables como goberno da Estrada, non estamos sendo responsables devolvéndolle ese esforzo que eles están a facer e ós cidadáns lles preocupa chegar a fin de mes e pagar as súas facturas, evidentemente. Sen embargo, nós, cun 81,24% de gasto corrente no Concello, non lles estamos axudando, non lles estamos facilitando esta finalidade que teñen. Como dicíamos, 1.050.000 euros que sobe o gasto corrente desde que vostedes son goberno na Estrada. Polo tanto, Sr. López pedímoslle que reconsideren esta postura porque o noso grupo non pode apoiar, como dicíamos, este orzamento totalmente incoherente, este orzamento que obvia a problemática actual. Polo tanto, vamos a votar en contra a non ser que recapaciten e cambien o rumbo do gasto corrente hacia políticas produtivas que beneficien ós veciños e ás veciñas da Estrada.

Sr. Alcalde: Moi ben, moitas grazas, Sra. Louzao. Ten a palabra o Sr. Magariños.

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: Moi boas noites. O presuposto que aquí nos presenta o Partido Popular é unha mostra máis da súa maravillosa xestión das contas públicas. Vemos como o IBI, que é o principal imposto que se incrementa neste Concello, sobe un 14,68 %, mentres que o aforro neto se incrementa solo un 3% con respecto ó anterior presuposto; eu me refiro ó dato sobre ingresos correntes, porque o capítulo un e dous son os que se levan o montante de todo este capital. Se ben é certo que no capítulo un de persoal hai unha tendencia a ir reducindo o porcentaxe de ingresos correntes, tamén é certo que non tódolos traballadores asumen por igual esta parte, e así vemos como hai persoal onde se lle incrementan as súas retribucións complementarias en 58%, nalgún outro capítulo un 74% e sen embargo a outros se lle baixa. Iso é a gran xestión. Vemos como

se implementa unha praza por doce meses dun asesor xurídico e ademais se implementan seis meses máis á actual persoa que fai estes labores de asesoramento; será por asesores xurídicos neste Concello. Igual que será por persoal de Urbanismo neste noso Concello; xa non sei a veces se é un gabinete xurídico ou é un Concello. Vemos que no capítulo dous se nos fala dun Plan de aforro por centralización de compras, entón vemos como o material de subministración e outros se incrementa un 14%, o gasto en reparación de infraestruturas so un 7%, materiais diversos como xa dicía 14%, combustible un 9%, bueno ese podería ser asumible polos gastos do IBI. O normal sería que se queremos estimar que os gastos do capítulo dous son orixinados polo incremento do IBI, en tódalas partidas se incrementará igual, pero sen embargo vemos como en vestiario, por exemplo, se incrementa nun 36% e aquí teño que recoñecerlle que nun dos apartados conseguín ver unha redución na súa política de compra que é produtos de limpeza e aseo que se reduce un 2%; unha felicitación a ese gran traballo. Noutras subministracións incrementase un 19%, por exemplo, outra subministración de órganos de goberno pasamos de 100 euros a 1.800 euros, felicidades pola súa boa xestión. Actividades de transporte incrementase nun 0,25%, tamén aquí parece que é debido ás actividades de deportes e cultura para o transporte da poboación do rural á vila, nese caso non estaría mal, pero bueno. Actuacións protocolarias incrementase nun 17%. Actividades de publicidade e propaganda nun 62%, un capítulo moi importante para dinamizar o pobo e para mellorar a calidade de vida dos cidadáns. A festa do Salmón, que se axusta á realidade, pero ó mellor o que habería que facer é baixar esa realidade, habería que baixar a realidade, o que non se pode é subir 15.000 euros, un 100%, cando estamos falando que a teleasistencia se incrementaba, en cantidade de euros 5.534, unha terceira parte do que sobe a festa do Salmón. A festa do Entroido incrementase tamén nun 26%. Gastos diversos que se incrementan nun 44% nalgúns apartados, noutros 4, e sumando así unha serie de políticas de contención do gasto que son importantes. Si é verdade que se incrementa a axuda a domicilio nun 16%, a gardería infantil nun 5%. Se miramos as cifras en cifras totales pode aparentar moito o número, pero hai que mirar en porcentaxes que é como realmente se ve o que se apoia e o que non se apoia. Porque se reducimos cantidades significativas doutros apartados, veríamos que melloraría bastante a xestión. Outro dos apartados que se daban da boa xestión é como se mellora a recadación dos tributos, como mellora a recadación municipal, e vemos que o único que mellora é o apartado correspondente ó IBI, porque no resto eu non atopo (por moito que miro non vexo) unha cantidade significativa de ingresos debidos a este novo modelo na xestión da recadación. O único que sobe é o IBI, 1.500.000 euros creo recordar, desde o ano 2011. Vemos como a famosa factura da electricidade, a min seguen sen dar-me as contas, vemos que hai 800.000 euros máis 300.000 dunha partida de crédito que se implementa. Pero se analizamos as cifras que o Alcalde nos está dicindo estes días na prensa, fala dunha débeda de 850.000 euros e que se había orzamentado nos 460.000; isto non é verdade. Vostede sabe perfectamente que no ano 2011 había orzamentado 652.000 euros porque estaban repartidos os gastos de electricidade nos diversos departamentos, non como agora que están xuntos, co cal se vamos a estas cifras de débeda que di o Sr. Alcalde estamos en 1.502.000 euros; falase de que o gasto en electricidade foi de 1.010.000, non cadran as contas. Hai pouca seriedade á hora de elaborar os números. Como hai pouca seriedade á hora de elaborar estes presupostos, porque son presupostos, como xa dixen na Comisión, que non apostan polo apoio ós sectores produtivos, non apoian a aposta ó comercio, non apoian os sectores agrogandeiros, non apoian os sectores industriais. Porque non é unha cuestión de que si é importante, como

me dicía o outro día un destes novos emprendedores, teño que recoñecer que é unha axuda, sobre todo cando a xente non me entra pola porta. O problema é que a xente non entra pola porta dos negocios, a cuestión é que os que hai non venden e se seguimos así seguirán sen vender; desde logo con estes presupostos que pasan por completo de apostar no investimento... Vemos como o investimento en vías rurais está en valores do ano 91, en 120.000 euros que hai do ano 91. Vostede me dirá, bueno, pero se temos en conta o que figura no capítulo dous, se temos en conta o que se gasta en reparacións varias, o que se gasta en combustible, así soben os gastos que figuran para vías rurais un montón, pero realmente o chapapote que vai a tapar o bache ou vai a asfaltar un vial, iso non sube, se non que baixa. E iso é realmente o que crea melloras no noso entorno económico e melloras na calidade de vida dos cidadáns. Repítolle que estes non son os presupostos que necesitan os veciños da Estrada, serán os presupostos que necesita o Partido Popular, os que considera que son os mellores, pero desde logo non van a ser os presupostos que saquen adiante a situación na que está o noso Concello.

Sr. Alcalde: Moi ben Sr. Magariños, moitas grazas. Ten o seu turno na segunda rolda de intervencións o Sr. Alberto Blanco.

Sr. Blanco Carracedo, do PP: En canto ós comentarios feitos polos grupos da oposición, a primeira reflexión: xa o teño dito máis dunha vez, que me gustaría que todas estas aportacións parece que se fan agora todas de golpe no pleno, que se houberan feito durante as Comisións informativas. A única aportación que houbo foi a que fixo no seu momento o Sr. Espiño respecto ás sinais nos cruces e cousas así. Ou me falla a memoria ou me parece que non houbo ningunha outra aportación para poder mellorar ou modificar isto. O resto solo foron preguntas tipo examen; bueno iso é a miña apreciación, unha suxerencia. Entón, me gustaría que houbesen sido máis frutíferas as Comisións. En canto ó gasto corrente, está claro que si hai un incremento, un incremento importante, volvo a dicir, por aportar a cada partida o que realmente se ven gastando en cada exercicio. Entón hai que facelo reflexar. Que todo o que aparece no capítulo dous é un gasto de suministro?, bueno sería unha forma moi interesada a de analizar ese capítulo. Se se mira o presuposto de gastos por programas poderemos ver que respecto ó 2011, o último presuposto do bipartito, o de servizos públicos básicos por aí andan, hai 300.000 euros, non hai eses 600.000 ou 700.000 que se di. Si hai 300.000 de incremento nas actuacións de protección e promoción social respecto ó 2011. Pasamos de 1.879.000 euros a 2.179.000, exactamente 300.000 euros. Penso que esa sería outra interpretación a ter en conta. Así mesmo, tamén incrementamos en 100.000 euros o que é a produción de bens publico de carácter preferente. Pero ben, xa que falaba antes a Sra. Louzao do 2011, dos investimentos do 2011, sinalar que o préstamo que se contemplaba era de 1.052.000 euros, 500.000 máis que no 2011. Non teño o dato agora pero téño bastante gravado, porque foi unha liquidación que tivemos que facer nós. Igual que me quedou gravado que son 256.000 euros os fondos propios que se contemplaban nesas inversións totales que, creo recordar que eran en torno a 1.700.000 euros, vindo o resto das aportacións doutras administracións, é dicir, 256.000 euros de fondos propios porque os 1.052.000 xa non podíamos contar con eles porque o resultado era negativo a todas luces vendo como foi a aplicación orzamentaria do 2011. Porque unha cousa é facer os presupostos e outra é levalos adiante. Penso que se nos poderá criticar doutras cousas pero non de obter resultados positivos. O cal nos permite ir a préstamo e realizar unha serie de actuacións.

En canto a cifras, desde logo, dicía agora o Sr. Magariños que os porcentaxes, unha cousa son os porcentaxes e outra son os importes netos. Que aumentamos un 35% en prensa e libros? si, pode ser, 1.300 euros nun total de doce millóns e medio de euros; 1.300 euros na partida de prensa e libros, que non quere dicir que sexa en prensa como se di a secas. Si se baixaron en protocolo, se baixaron gastos de órganos de goberno, quero recordar toda baixada que se fixo nada máis a toma de posesión por este equipo de goberno. En canto a emprego: Que si se dota con ese posto dun técnico xurídico? pois si; que si hai exceso de arquitectos, técnicos e aparejadores? Bueno, quero recordar que foi o bipartito o que puxo no punto que está agora mesmo a plantilla. Outra cousa, igual falamos non de diferentes Orzamentos se non de diferentes concellos. Para todo isto o que si fai falta é o que si falabamos antes, facer unha xestión non só de gasto, se non de obtención de recursos. Todo isto que estaba, practicamente por dicilo desta forma, que agora estabamos falando tamén da disciplina urbanística que estaba totalmente abandonada sen darlle resposta á esixencia legal por un lado, e aos requerimentos dos estradenses por outro. O mesmo que ocorría en relación coa xestión tributaria, tema das multas, tema de actuación de protección civil, temas de lecturas de augas con todas aquelas persoas que se estaban beneficiando dun servizo que teñen que pagar o resto dos estradenses; entón estamos falando de temas de pura xustiza tributaria, nada máis. Hai que actuar non só pensando no gasto, se non pensando tamén no ingreso, porque se non temos uns ingresos e só nos dedicamos a gastar mellor ou peor (sen entrar en valoracións), desde logo as contas non dan e despois saen as cousas como saen. En canto ás cantidades, por que non se reflexan esas...?, home si 2011, 1.200.000 euros de préstamo, confirmado eh. Ben, estabamos falando, preguntou o Sr. Magariños que si toda esta política que estamos facendo de xestión tributaria non ten o reflexo si é así como estamos dicindo. Fai un momento acabamos de aprobar o que é o límite do gasto, o cal se temos que establecer o gasto que podemos ter non ten sentido. Tamén facer unhas previsións de ingresos que superen, que excedan o gasto, se axustándonos á realidade obtemos recursos suficientes para poder cubrir os gastos non ten moito sentido, se esa política de xestión terá a súa aparición, os seus resultados no que será a liquidación do exercicio, onde aparecerán lóxicamente uns remanentes que se poderán dotar do que se poida legalmente ou se considere, se se pode. As facturas hai que pagalas e hai que pagalas dunha maneira áxil, porque si estamos falando de que os estradenses desde logo que si, pero onde podemos prexudicar tamén ós estradenses e a moitísimas empresas é cunha demora no pago; entón considero que as administracións non poden entrar nunha cultura que está implantada hoxe mesmo por desgraza na sociedade, que é a cultura do impago, xa non da morsidade, senón do impago, entón, unha administración ten que dar exemplo, polo menos fomentar a liquidez que é esixible por medio da dilixencia no pago. En canto ó vestiario, si a subida en vestiario que dotará ó persoal dos medios adecuados para o desenrolo do seu traballo é un problema, temos unha conciencia moi diferente do que é tanto seguridade no traballo como as condicións de comodidade. Volta coa electricidade outra vez: as facturas son as que son. O que hai que ver dos Orzamentos é ó final cando se liquidan. Aquí podemos poñer os números, o papel soporta todo, pero hai que facer as contas ó final. Vese o ano 2011, creo recordar, superaba o millón de euros o que era o gasto total en electricidade. Este ano vai en oitocentos e pico mil a falta das últimas facturas. Entón, o que hai é que poñer os puntos sobre as íes e dotar adecuadamente cada partida presupuestaria. Que suben os gastos, claro que suben os gastos, diciámolo antes, hai subida do IBI, hai a

propia subida do IPC. O bacheo, o bacheo si que sube porque bachear os mesmos baches é máis caro, iso pasa desde sempre. E o que queremos é dotar máis... Bueno, ó mellor dixen algo que non de forma correcta alégrome que anime a alegría da xente. Ó final o que se quere é tapar eses baches. Queremos facer mellores carreteiras, iso supón un incremento de gasto e de medios. Iso é inevitable. Pero bueno, de tódolos gastos hai que ver como se están aplicando e separalos de forma correcta e non simplemente de forma conxunta, é dicir, porque en gastos correntes está o obradoiro que vai outra vez dotado de 100.000 euros e van outra serie de gastos que teñen tamén función produtiva. Nada máis.

Sr. Alcalde: Moi ben, moitas grazas Sr. Blanco. Ten a palabra a Sra. Louzao.

Sra. Louzao-Vieites, do PSdG-PSOE: Ben, está ben que vostede se alegre e que a xente se alegre, pero desde logo a xente si ve estes Orzamentos e os abre e ve o que hai dentro desde logo se vai a entristecer, porque daba vostede unha serie de razóns e dicía que o único que se facía era adecuar os gastos correntes á realidade. Iso mesmo xa nolo dixo cando se incrementou no 2012, agora dános a mesma resposta. Bueno, pois será que se adecuan vostedes moito á realidade que queren ver, pero non ven a realidade que teñen os veciños diante, que non lles importa que vostedes suban o gasto corrente porque iso non lles da de comer a fin de mes. O que lles importa é que como goberno se dinamice a economía produtiva. O único que queda claro ó final de todo isto (porque vostede dixo moitas cousas) é que, vexa vostede os seus datos, material e subministro sube 579.000 euros, entre eles, dicía vostede. Prensa sube 1.300, iso é a prensa da alcaldía, a prensa dos órganos de goberno, sen embargo segan vostedes revisando porque hai partidas máis subidas no capítulo de prensa. Subministros suben tamén; suben tamén partidas de vestiario, xa se dixo; outros subministros de órganos de goberno, tamén dálles vostedes para arriba, en vez de contención de gasto, que é o que din. Sube a publicidade e a propaganda en máis de 14.000 euros; sube a suma dos gastos diversos en 203.000 euros; inclúense atencións protocolarias, claro, por exemplo, por citar un simplemente, atencións protocolarias do CIM; se entenden vostedes por políticas de igualdade de apoio á muller atencións protocolarias do CIM subilas, bueno, pois iso desde logo non deixa de ser curioso, que vostedes primeiro falaran de baixar gastos, baixar este tipo de gastos, e agora de repente o suban; publicidade, propaganda, asistencia a reunións..., volver a insistir no mesmo, o único que queda claro aquí é desde logo que non se sostén que vostedes continúen insistindo en contratar asesores en urbanismo, o Concello xa ten asesores legais e xurídicos, o único que hai que facer é respectar o seu traballo. Non se sostén que digan vostedes que nós deixamos as políticas de contratación de urbanismo tal e como está agora o departamento; olvídanse vostedes de que naquel momento había proxectos, viña diñeiro doutras administracións e había que levar adiante eses proxectos e facelos, e direccións de obras, pero e que nestes anos non hai proxectos novos, non hai direccións de obras novas, e contemplan vostedes nos seus propios Orzamentos que non se prevé que vai a ser así. Polo tanto quenes deciden esas contratacións e quenes firmaron esas contratacións e firmaron as prórrogas, serán vostedes, non o anterior goberno. Como dicíamos, o único que queda claro e que lle suben vostedes ós veciños un millón e medio os impostos, o IBI, nestes dous anos. Que este ano vólvelles a subir con respecto ó ano pasado e sen embargo baixan as inversións, e o único que sube é o gasto corrente. Como dicíamos, isto é unha incoherencia non só co que vostedes din que fan (que

despois á hora da verdade se ve que non é certo), se non que é unha incoherencia respecto ós veciños, respecto ás expectativas que os veciños poñen no concello da Estrada. Grazas.

Sr. Alcalde: Moi ben, moitas grazas, Sra. Louzao. Ten a palabra o Sr. Magariños.

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: Falabamos de reparación de infraestruturas e vemos que no que é o apartado de reparación de infraestruturas en vías rurais só se incrementa nun 7%, a maioría da partida que englobaría este apartado sería reparación de material de transporte e vías públicas, que si se incrementaría un 66%; o gasto de combustible tamén unha porcentaxe importante, un 9%. Xa digo, se puideramos achacar moitos destes incrementos ó capítulo dous que sería o IBI, máis ou menos tódolos porcentaxes e tódolos apartados estarían por aí, pero non, porque hai desde o 7 ata o 125%, o 60, 50, 40, en capítulos que non son para nada fomentadores da calidade de vida nin da economía do noso Concello. Desde logo, incrementar nun 62% publicidade e propaganda non vexo eu onde está...; bueno, podería ser incluso lle admitiría aumentar publicidade e propaganda no apartado de turismo, porque é un sector económico en auxe que creo que temos que fomentar, pero bueno aumentar nun 200% publicidade en cultura, pois non sei eu, sobre todo cando estamos baixando os investimentos no que é a propia cultura, pois non vai a moito lado aumentar as actividades do antroido ou a festas diversas que teñen tamén un porcentaxe importante. Pero volvo a repetir que se fala da boa labor recaudadora, a boa labor de inspección, e vemos como o imposto de vehículos de tracción mecánica baixa en 50.000. As taxas suben 25.000 pero o que realmente sube é o IBI 1.381.000 euros. Eu non acabo de ver esa boa xestión nesa labor de inspección. Bueno, esperemos que efectivamente cando veña a liquidación deste ano así o vexamos. Se fala da baixa de recadación polas multas, creo lembrar que se se lle traspasou ao ORAL o cobro das multas é porque non se pagaban as multas, ou sexa que é un ingreso que non había e seguimos sen telo, porque se antes non se pagaba agora non se cobra. Entón, non vexo a xestión por ningún lado, non vexo a xestión económica por ningún lado, e o único que vexo é que desde que vostedes tomaron o goberno o capítulo dous vaise incrementando ano a ano sobre ingresos correntes. Como sigamos así, a capacidade de xestión deste Concello vai acabar levándonos a un calexón sen saída.

Sr. Alcalde: Moi ben, pois agradecendo en primeiro lugar o tono e as intervencións por parte dos voceiros dos dous grupos políticos, do Partido Socialista e do BNG, e como peche a este debate dos Orzamentos pois en primeiro lugar agradecerlle o traballo feito nas Comisións Informativas e o tono no que se desenvolveu esta sesión plenaria. Dicir que non é prato de gusto para este goberno non poder chegar a acordos cos outros partidos da oposición pero si é certo que este goberno ten unha clara folla de ruta marcada, moi clara, que temos desde logo diante de nós un reto importantísimo. Posiblemente mañá teñamos algunha noticia sobre a evolución como vai a ir a modificación da Lei de Bases de Réxime Local que posiblemente se trate no Consello de Ministros de mañá e aí posiblemente haxa información e datos que van a poñer no punto de mira ás administracións locais, a súa solvencia e a súa capacidade de xestión e a súa capacidade de prestación dos servizos públicos básicos, das competencias propias das administracións. Por iso eu creo que neste ano e medio estamos traballando de forma intensa para garantir unha solvencia a longo prazo dunha administración como é o Concello da Estrada, que ten unha estrutura moi complexa e, como ben

saben (porque formaron parte do goberno durante catro anos), iso supón un coste importante de mantemento dos servizos públicos esenciais. Para nós, para este goberno, servizos públicos esenciais son aqueles servizos que se prestan en relación directa á cidadanía e que ademais axudan a paliar a situación de crise e de problemas sociais que xa temos na actualidade no noso Concello. Por iso sinceramente creo que hoxe presentamos uns Orzamentos basicamente cun contido social moi importante. Os grandes incrementos, eu entendo por esa vía que eu creo que é do 100% do orzamento é do 90%, vostedes se quedan no 10% do análisis, non ven a viga no ollo propio, intentan ver a palla no alleo e desde logo iso os fai facer un análisis moi minifundista do que son os Orzamentos amplos e complexos. Iso leva a que vostedes non falen por exemplo do incremento importante que se fai nas transferencias correntes para actuacións de emerxencia social, para Cáritas, Apacaf, Apadif, Cruz Vermella, para a loita contra o cancro que aumentamos en máis dun 30%, aportacións a todas esas accións, a gran maioría delas aportacións novas que non tiñan resposta por parte de anteriores Orzamentos. Tampouco falan do incremento do 45% nas partidas de sectores da poboación; saben vostedes que estas son axudas á infancia, xuventude, terceira idade e minusválidos onde aumentamos nada máis e nada menos 63.000 euros, o 45% con respecto a Orzamentos anteriores. Tampouco falan do incremento do 20% do servizo de axuda a domicilio e teleasistencia, 87.000 euros. Claro, fala o voceiro do BNG que había que falar en porcentaxes. Claro, cando fala vostede en porcentaxes e di que aumenta o gasto corrente en prensa e ese incremento son 500 euros e fala vostede de que o importante é o porcentaxe, non, o importante é a cantidade. Si subimos 500 euros en prensa no Departamento de Urbanismo para poder pagar as publicacións periódicas dos propios técnicos que nos piden publicacións, moitas veces técnicas, non de prensa, como vostede ben sabe, pois claro, falar dun incremento dun 12%, se 500 euros de 1.000 é o 50%; claro, se fala vostede en incrementos pode parecer desmesurado, pero se falamos de cantidades e falamos de que en prensa aumenta 500 euros en Urbanismo e que nos servizos sociais aumentamos 87.000 euros para axudar ás persoas dependentes e dar de alta 17 persoas que non tiñan un servizo de asistencia a domicilio e que agora teñen unha persoa de axuda que lle permite un auxilio no fogar para xente que ten unha persoa cunha discapacidade importante... Por tanto, iso eu creo que é un gran esforzo que fai este Concello. Cando falamos de aumentar nun 100% as inversións no Centro de Saúde, tamén podía dicir eu "que bonita cifra, duplicamos o noso compromiso", pasamos de 6.000 a 12.000, incrementamos 6.000 euros, é un incremento do 100%, pero son 6.000 euros. Cando falamos en educación falamos de aumento no gasto corrente que son para obras de reformas nos centros educativos, incremento do 60% con respecto ó orzamento anterior; incremento do 322% de apoio á asociacións de pais e nais de alumnos para o mantemento do Plan Madruga e dos comedores escolares, o 322%, oe, dato importante. Que supón iso? Pois unha aportación de 11.300 euros porque antes se aportaban 3.000 e agora aportamos 14.000. Polo tanto, incrementamos 11.300 euros nese servizo. Un incremento do 6% na gardería infantil. Saben vostedes, tampouco é un tema que tocaron. Somos dos poucos concellos de Galicia que mantivemos conxeladas tódalas taxas, todas, porque tamén as veces queremos xogar coas cifras e falamos de forma equivocada ou intentamos enganar á cidadanía falando de incrementos da basura, da auga. Este Concello mantén conxeladas tódalas taxas e tódolos prezos públicos desde que tomou posesión este goberno. Todas, non houbo nin un só incremento impositivo. A única decisión que se tomou foi a anulación da bonificación ilegal dos recibos do IBI que nós entendíamos que era de recibo que a xente pagase en función do valor das súas

propiedades, dunha valoración feita alá fai mais de 17 anos. Tamén cando falamos do gasto en promoción comercial, aumenta o 20% na aportación á Fundación do Moble e ás actividades de fomento do emprego. Cando falamos de vías públicas, aumenta un 11%, falamos do gasto corrente, eh. Cando falamos da factura eléctrica, que ese é outro dos temas importantes, aumenta tamén dunha forma importante, e cando falamos do gasto corrente, de recoñecementos de crédito o baixamos case 200.000 euros con respecto ó ano pasado. Esa confusión de que o Concello non ten todo ó día, que mete recoñecementos de crédito no orzamento 2013, facturas, sona un pouco a risa, porque eu se quere lle volvo a repasar en números grandes, en formato A3, lle dou o informe de morosidade da Intervención Municipal onde recoñecendo que existe un pequeno erro, en xuño de 2011 deixaron vostedes 2.900.000 por informe de morosidade, informada ademais non vanmos a ser sospeitosos nós de habelo feito porque está informado pola Interventora Municipal e firmado polo anterior Alcalde do Concello da Estrada, que non era eu precisamente, e el deu a súa conformidade a esa débeda, polo tanto, o informe está firmado polo anterior Alcalde e pola Interventora Municipal, onde recoñece que existe unha débeda de 2.900.000 euros e cando queira o vemos. Que había un erro e hai que depuralo, é certo, a débeda real era de 1.800.000 euros, e este goberno asumiu o seu pago e, de feito, se poden observar vostedes (porque tamén é outro aspecto que non dixeron), se produce unha redución de 239.000 euros con respecto ó exercicio anterior no que respecta a intereses e amortización de débeda, outro aspecto que lle pasou por alto, que seguramente se olvidaron e non o viron, unha cifra bastante importante, 240.000 euros menos de gasto no capítulo de intereses e amortización de débeda, un aspecto menor. É certo, que chaman vostedes a atención nos 500 euros da prensa. Claro, olvídanse de 240.000 euros que rebaixamos porque baixamos o crédito ICO que pedimos para pagar as facturas que vostedes deixaron sen pagar, pequenos detalles que desde logo revisten pouca importancia. Cando falamos de gasto corrente, falamos que en Protección Civil se incrementa o gasto corrente en 24.000 euros, gasto corrente para comprar unha ambulancia, para seguir prestando o servizo conveniado que temos co 061, que eu creo que é importante seguir prestando. Cando falamos de gasto corrente e reducimos 68.000 euros en Urbanismo. Falaban vostedes dos técnicos de Urbanismo, un tema curioso. A Sra. Louzao parece que está pouco posta en política municipal, pero lle podo garantir que os técnicos de Urbanismo foron ademais contratados no goberno bipartito anterior, antes de ter que levar as direccións de obra de proxectos. E ademais, creo que o dixeran publicamente e o repito, foi unha decisión acertada e afortunada, xestionar con recursos propios as direccións de obra e a redacción dos proxectos; e lles podo garantir que agora mesmo, por dicir nada, estes técnicos están levando quince obras no Concello da Estrada; se lle parecen poucas, sempre se pode mellorar, pero están levando a dirección de obra dos proxectos todos que están aprobados pola Deputación de Pontevedra, a ponte da carreteira Couso-Barcala, as aceras de Ouzande, as aceras de Codeseda, o saneamento de Figueroa de Abaixo. Están tamén levando a dirección de obra da reforma do centro social do novo local de Berres, 60.000 euros. Están levando a dirección de obra de mellora de servizos urbanos na calle Leicures, obra requirida fai anos polos veciños desa zona, están levando a dirección de obra da pavimentación da Avenida de Santiago, están levando a dirección de obra da reforma da Casa Consistorial, están levando a dirección do obra da reforma da Praza de Abastos..., en definitiva, practicamente nada ós ollos do Partido Socialista pero un número inxente de obras; e as que nos quedan, porque empezamos hoxe tamén (lle quero informar) a obra da mellora

da Escola de Santa Cristina de Vinseiro, que tamén levan a dirección de obra e fixeron o proxecto os técnicos municipais. Tamén empeza estes días a mellora da reforma da Escola de San Andrés de Veá que tamén a redactaron estes técnicos e van a levar a dirección de obra; en definitiva, practicamente non levan absolutamente nada e están moi folgados nos seus despachos sen facer ningún traballo. Pero é certo que esa xente está facendo un traballo extraordinario e está aforrando moitos, moitos costes a este Concello. E eu desde logo creo que foi unha decisión realmente acertada. E ademais, en relación a todo este tema do gasto, falamos se queren tamén do que é o gasto en electricidade. Confundía o Sr. Magariños cando dicía que non lle coincidían as cifras, as cifras de que si decíamos que había 1.800.000 pero despois que se pagara 1.000.000; tense que reunir máis vostede coa Sra. Maribel, que era a Concelleira de Facenda naquel momento, e tense que poñer máis ó día en tema presupuestario, porque sabe vostede, e ademais que o vexo nalgunha foto con ela e poden aproveitar esas reunións para falar de temas de Orzamentos. Lle teño que recordar que unha cousa é a imputación do gasto e outra cousa é o pago das facturas. Son cousas realmente diferentes, que nós cheguemos a deber un millón de euros a Fenosa non quere dicir que ese millón de euros teña que sumarse ó gasto do exercicio 2011. Eu recórdolle, pagou este Concello por facturas eléctricas no ano 2011 exactamente 1.070.000 euros, 1.070.000 euros pagou este Concello en gastos de factura eléctrica. Canto tiñan consignados vostedes? Nin a metade. Aquí ou facemos milagros ou como pagamos? porque para pagar hai que ter diñeiro. Iso enténdeo calquera. Se vostedes gastan 1.070.000 euros e teñen consignados 500.000, con que pagan? con avemarías. Con avemarías a xente non cobra nestes momentos. Entón, que facían vostedes: a trampa presupuestaria, recollían 500.000, cando facían a liquidación do orzamento ou cando tiñan recadación positiva recollían o diñeiro e o metían no orzamento, vía modificación incremento presupuestario e pagaban as facturas que ían deixando a deber, porque no mes de abril xa non tiñan diñeiro para pagarlle a Fenosa; esa era a realidade que se producía nesta casa. E iso xenerou un efecto de retraso nas facturas que lle recordo que tivemos que ter unha reunión cos responsables de Fenosa porque amenazaban fai un ano co corte do servizo ó Concello da Estrada por impagos de cerca de un millón de euros. Esa é a realidade e é o que nós non pretendemos chegar de ningunha maneira. Ademais, eu quérolle recordar con datos do mes de novembro (é un dato que lle vou a dar, é un dato bastante revelador), con datos de mes de novembro (porque a factura do mes de decembro non a temos todavía), o Concello da Estrada no 2011 tivo un gasto, falo a mes de novembro, de 970.000, os 100.000 euros que faltan para o 1.070.000 euros, porque xa sei que a vostedes lles gusta moito que lle encaixen as cifras, os 100.000 euros que faltan son da factura do mes de decembro do ano 2011, non temos a factura do mes de decembro do ano 2012, descontamos a do mes de decembro do ano 2011 e temos 970.000 euros de gastos. A consignación orzamentaria xa lle dicía, medio millón de euros. Canto levamos gastado no mes de novembro do ano 2012 (porque a factura de decembro non a temos)?, 878.000, de 977.000 a 878.000 van 99.000 euros de aforro en exercicios exactamente homoxéneos, en exercicios iguais sen descontar o efecto de subida de tarifas (aproximadamente un 16% do total da factura), e sen descontar o efecto da subida do tipo impositivo do IVA. Polo tanto, estamos falando de 100.000 euros ós que habería que sumarlle o tipo de subida de tarifas e o efecto de subida do IVA. Co cal estamos falando dun aforro moi, moi considerable polo Plan de aforro que vostedes toman a risa, pero que para nós é moi importante o esforzo que se fixo e isto nos permite axustar con eses 800.000 euros o custe real da factura eléctrica que ten o Concello da

Estrada, que a baixamos en máis de 200.000 euros. Pero vostedes tiñan previsto no orzamento 500.000 e nós elevamos a 800.000 para xogar limpo e para dicir a realidade, e para xogar nun escenario real e non ter que andar despois con panos quentes intentando sacar diñeiro doutros lados para pagarlle facturas a Fenosa. Iso é o que se pretende facer e creo que ademais é a forma de facer os Orzamentos; a política orzamentaria debe ser seria e rigorosa e, como di o informe de Intervención, debe axustarse, debe axustarse...Sr. Sanmartin sabe vostede, sabe vostede que aquí non se interrompeu a nadie de momento e estamos levando o tema con cortesía e non rompa vostede o normal funcionamento desta sesión plenaria que creo que está sendo tranquila. Simplemente puntualizar algún aspecto, creo que é importante destacalo para que non o levemos a engaño e non levemos informacións que non son as reais. Como lle dicía, Sr. Magariños, en política orzamentaria se debe aplicar con rigor; e cando falamos de política orzamentaria con rigor lle digo, por exemplo, que vostedes tiñan no 2011 consignados 13.000 euros para a Festa do Salmón e oficialmente con cargo á partida do Salmón repercutiron vostedes 43.000 euros, de 13.000 a 43.000 que foi o que pagaron con cargo ó salmón, sen contar outras facturas que se desviaron a outros Departamentos para asumir os custes vinculados á celebración desa festa que calculamos que anduvo en torno ós 60.000 euros de coste directo. 60.000, tiñan no orzamento 13.000, como se pagou? O pagou este goberno, os gastos das súas organizacións festivas como o Rock & Clown, que costou 120.000 euros que aínda estamos acabando de pagar agora, ou a festa do Salmón en máis de 60.000, as pagou este goberno con recursos xerados durante este ano. Que facían vostedes no orzamento? Poñían 13.000 e pintaban de forma orzamentaria 13.000 euros e despois gastaban 60.000, e había que andar buscando os cartos de onde non os había. E iso é o que se intentou facer con este orzamento, por iso creo que é importante explicalo. Intentamos axustar á realidade o que é o estado de gastos e o capítulo de gasto corrente que se viña executando neste Concello e así o que temos garantido é que nos temos que intentar axustar o máximo posible ó gasto orzamentado, que o podemos comprobar facilmente coas liquidacións orzamentarias, é fácil, e podemos tirar de liquidacións de exercizos anteriores para ver o que se debuxaba nos Orzamentos ficticios e o que se gastaba na realidade, que moitas veces era catro veces máis do que se había consignado no presuposto do ano en curso. E nós o que pretendemos é axustar o gasto real ó orzamento, e non ter que andar con esas modificacións orzamentarias e eses cambios de partidas e esperar ás liquidacións para poder incrementar o gasto corrente; e pretendemos, na medida do posible que as liquidacións positivas que esperemos que se produzan (e esperemos que no ano 2012 se cerrase cunha liquidación positiva) o poidamos destinar integramente a políticas de estímulo, de apoio e de inversión e de proxectos produtivos. Iso é un pouco a estratexia que temos. E o gasto corrente, digamos, condensalo e aplicalo o máximo posible ó orzamento en curso e non excedernos e marcarnos unha firme estratexia de contención de gasto axustado ó orzamento que plantexamos ano a ano. Esa é a realidade e vexo que se ve dunha forma realmente distinta. Igual que se ve distinta o que se comentaba antes o ano 2011, cando é radicalmente falso o que se dicía na parte do capítulo de inversións. O ano 2011 levou 1.052.000 euros en préstamo, unhas inversións que ascenderon a 1.700.000 euros, dos cales 1.052.000 euros ían a préstamo, que ó final non se formalizou, como saben vostedes, este goberno decidiu non formalizar este préstamo porque a liquidación foi negativa e polo tanto non se puido facer a formalización de dita operación de préstamo que contemplaban vostedes, 1.052.000 euros sobre un orzamento de inversión de 1.700.000 e dos cales aportaban con fondos

proprios exclusivamente a ridícula cantidade de 260.000 euros con fondos propios. Esa era a capacidade de aforro que tiña o Concello da Estrada no ano 2011. Como cambia o panorama neste Orzamentos?. Pois temos case 1.600.000 euros de inversión dos cales cerca de 900.000 euros os aporta o Concello de recursos propios, de fondos propios que elimina doutras partidas para poder destinar a inversión e a proxectos produtivos. Eu creo que con esas cifras está todo perfectamente claro. E se por encima diso conseguimos pagar 1.800.000 euros de facturas pendentes, e se por encima diso conseguimos ter 1.000.000 de euros nunha conta bancaria esperando a aprobación do Plan Xeral para desenvolver os proxectos e iniciativas e somos capaces de ter 1.000.000 de euros de recursos inmovilizados pendentes de aprobación do Plan Xeral, pendentes de facer as actuacións vinculadas ó PXOM (que pasamos de 0 euros a 1.000.000 de euros nun ano e medio). Ou este goberno fai milagros ou este goberno xestiona, e xestiona de forma rigorosa e comprometida, e os datos están aí. Porque se non é este escenario, a única opción que queda é que na Estrada aconteceu un milagro e apareceron cartos de onde non os había, que pode ser outra opción. Eu, como nos milagros non creo, creo na xestión e creo no rigor. E polo tanto lles digo que a situación no Concello da Estrada hoxe, cun endebedamento inferior ó 40%, amortizando unha operación de préstamo en seis meses de 600.000 euros para pagar facturas, pagando 1.800.000 euros de facturas pendentes, deixando 1.000.000 de euros de aforros para a aprobación e a xestión do Plan Xeral, facendo unha contención do gasto e unha política de apoio e de estímulo ós servizos sociais e ós servizos básicos públicos, esa é a realidade. E o resto, nos quedamos na anécdota. E eu felicito ó Sr. Magariños por haber encontrado 500 euros de incremento nunha partida de prensa no Departamento de Cultura ou ó resto dos partidos por haber encontrado 1.000 euros no incremento de protocolo dunha partida do CIM que, curiosamente, é para desenvolver unha actividade que está pactada con tódolos portavoces, que é o apoio á muller emprendedora, o premio á muller emprendedora, que está falado co resto dos voceiros e son 1.000 euros destinados para a posta en marcha do premio á muller emprendedora a través do CIM. Felicítóos por haber encontrado eses 1.000 euros porque é o compromiso que había adquirido por parte deste goberno a posta en marcha desa iniciativa. Noraboa, son 1.000 euros que efectivamente van para unha iniciativa que é recoñecer o labor e o traballo dalgunha muller en calquera tipo de eido cultural, social..., no noso Concello e poñer en valor ese traballo. Sei que podían ser máis, pero son 1.000 euros que van destinados a dotacións protocolarias. Se queren o retiramos do orzamento, se vostedes están en contra desa iniciativa non hai problema ningún, que o retiramos, pero nós consideramos e creemos firmemente nesa iniciativa e estamos desde logo ilusionados en traballar conxuntamente con nela. Así que creo que despois de ver que nos quedamos na anécdota e como non analizamos realmente o profundo e o importante, me parece que queda perfectamente claro cal é a postura de cada formación política. Se teñen que facer unha última intervención non hai problema, dous minutos para intervir cada un dos portavoces e pechamos; pechamos o debate dunha forma correcta como estivo ata o de agora.

Sra. Louzao Vieites, do PsdeG-PSOE: Non, non, desculpe...xa pode?

Sr. Alcalde: Non, non. Non pediu vostede a palabra.

Sra. Louzao Vieites, do PsdeG-PSOE: Pregunto se xa pode.

Sr. Alcalde: Pechámolo turno. Se vostede ten algunha cousa por alusións.

Sra. Louzao Vieites, do PsdeG-PSOE; Efectivamente, por alusións. Comezaba vostede agradecendo o tono do pleno. Desde logo nós non podemos agradecer o tono no que vostede entende a moderación do pleno porque leva vostede falando máis (increpando á oposición) no seu turno, que o voceiro do propio Partido Popular ten debatido en tempo, polo tanto... Desde logo, referíase vostede a políticas de Urbanismo, referíase a gastos, referíase polo menos ó sentido común e falaba vostede de rigor. De rigor democrático pedimos nós tamén, non é de rigor que vostede utilice o seu turno de moderación máis grande que calquera dos portavoces que temos estado e debatido neste pleno sabendo que despois non podemos facer contraréplica. Desde logo o temos manifestado máis veces, e o seguimos facendo, Sr. Alcalde, é moi triste non saber o lugar que se ocupa neste Pleno.

Sr. Alcalde: Moi ben, moitas grazas, Sra. Louzao. Grazas polas súas aportacións. Ten a palabra o Sr. Magariños.

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: Simplemente facerlle o rogo de que cando se refira a un cidadán que ocupou cargos neste Concello, que o faga como o fago eu: só me refiro a calquera persoa polo feito de estar cando estivo aquí, nunca me referín a ningún cidadán de que saíra ou deixara de saír nunha foto. Se non lle importa, cando se refira a calquera Concelleiro do BNG, do Partido Socialista ou do Partido Popular, fágao polas labores que fixo desempeñando as súas labores de representante político elixido polos cidadáns, non do que estea facendo agora fóra do Concello.

Sr. Alcalde: Moi ben, Sr. Magariños, pois tomo nota da súa aportación, aínda que non temos capítulo de rogos e preguntas, pero tomo nota da súa aportación en todo o debate.

Finalizado o debate pasamos entón a votar o asunto incorporado na orde do día, que é a aprobación, se procede, do ditame da Comisión de Facenda e Especial de Contas relativo á aprobación do orzamento 2013. Apróbase por maioría absoluta. Non habendo máis asuntos levántase a sesión, moitas grazas e boa noite.

Finalmente, apróbase con once votos a favor (PP) e dez en contra (PSdG-PSOE e BNG) o seguinte Acordo:

Visto o proxecto de orzamento do Concello de A Estrada para o exercicio 2013 formado polo alcalde no exercicio das súas competencias, comprensivo tanto dos estados de gastos e ingresos como da documentación complementaria referida nos artigos 165 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais,

Visto o informe da Interventora municipal de data 11 de xaneiro de 2013,

Visto o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas de 24 de xaneiro de 2013.

E de conformidade co procedemento establecido nos artigos 168 e 169 do citado texto legal,

ACORDAMOS

PRIMEIRO: Apróbase o orzamento municipal para o exercicio 2013, segundo os estados de gastos e ingresos e documentación anexa, co resumo por capítulos que deseguido se indica:

	ESTADO INGRESOS		ESTADO GASTOS	
	DENOMINACIÓN	IMPORTE / €	DENOMINACIÓN	IMPORTE / €
CAPÍTULO 1	IMPOSTOS DIRECTOS	3.945.000,00	GASTOS PERSOAL	4.327.513,54
CAPÍTULO 2	IMPOSTOS INDIRECTOS	100.000,00	COMPRA BENS CORRENTES E SERVIZOS	5.083.138,00
CAPÍTULO 3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	2.213.082,00	GASTOS FINANCEIROS	137.120,58
CAPÍTULO 4	TRANSFERENC. CORRENTES	5.427.160,00	TRANSFERENC. CORRENTES	562.631,00
CAPÍTULO 5	INGRESOS PATRIMONIAIS	45.394,00		
	TOTAL CORRENTES	11.730.636,00	TOTAL CORRENTES	10.110.403,12
CAPÍTULO 6	ENAXENAC. INVERSIÓNS REAIS	18,00	INVERSIÓNS REAIS	1.597.365,00
CAPÍTULO 7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	150.096,00	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	172.612,00
CAPÍTULO 8	ACTIVOS FINANCEIROS	15.000,00	ACTIVOS FINANCEIROS	15.000,00
CAPÍTULO 9	PASIVOS FINANCEIROS	550.000,00	PASIVOS FINANCEIROS	550.369,88
	TOTAL CAPITAL	715.114,00	TOTAL CAPITAL	2.335.346,88
	TOTAL INGRESOS	13.445.750,00	TOTAL GASTOS	13.445.750,00

SEGUNDO: Sométese o conxunto de créditos consignados no orzamento de gastos destinados a investimentos financiados con préstamo (o seu detalle está no anexo de inversións) á condición de que efectivamente se poida acudir a tal financiamento, segundo os datos que se deduzan da liquidación correspondente ó ano 2012, en aras do establecido na disposición adicional decimocuarta do R.D.L. 20/2011 de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público -que segue vixente- na redacción dada pola disposición final 31ª da Lei 17/2012 de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013.

TERCEIRO: Ó abeiro do indicado no artigo 21.6 do Real Decreto 500/1990, propónse a anulación da seguinte modificación de créditos efectuada sobre o orzamento prorrogado, por estar a mesma incluída nos créditos iniciais:

Nº EXPEDIENTE	TIPO MODIFICACIÓN	DESCRIPCIÓN	IMPORTE	ACORDO APROBACIÓN
1/D/2013	Transferencia de créditos	Ap. municipal proxectos financ. AGADER: Paneis informativos e Rehab. Local social Sto. Tomás de Ancorados	33.293,00 €	R.A. 11/2013

CUARTO: Ratifícanse para o exercicio 2013, para o persoal laboral fixo, a seguinte equiparación entre postos de traballo e niveis de complemento de destino aos únicos efectos da determinación da retribución compensatoria incluída nas pagas extraordinarias:

	DENOMINACIÓN DO POSTO	NIVEL DE COMPLEMENTO DE DESTINO
Pe rsoal confianz a e asesoram	Técnico de xestión	Nivel 26
	Traductor de galego	Nivel 26
	Director da Banda de Música	Nivel 24.
	Profesores da Escola de Música	Nivel 24; 50% por xornada reducida
	Asistentes sociais	Nivel 24
	Informático	Nivel 24
	Auxiliar administrativo	Nivel 16
	Conserxes	Nivel 14
	Limpadoras	Nivel 14
	Director gardería infantil	Nivel 24
	Monitor de tempo libre	Nivel 20
	Socorrísta piscina	Nivel 20
	Vendedora entradas piscina	Nivel 14
	Limpiador vestiarios	Nivel 14

ento especial:

	DENOMINACIÓN DO POSTO	NIVEL DE COMPLEMENTO DE DESTINO
*	Equiparado a administrativo	Nivel 20
*****	Equiparado a auxiliar administrativo	Nivel 16

Non habendo máis intervencións, levántase a sesión ás vinte e dúas horas e dous minutos.

A Estrada, 31 de xaneiro de 2013
O SECRETARIO

Asdo.: José Naveira González